



DOUS ANOS DESPOIS...

Cúmprense xa dous anos dende que o Prestige afundiú, cargado de desgrazas, fronte as costas galegas, e non podemos esquecernos desa gran catástrofe.

Hoxe en día as costas galegas xa están case limpas(e digo case porque aínda hai algúns restos de chapapote en zonas rochosas) grazas a heroes anónimos que colaboraron sen recibir nada a cambio. A resposta popular foi moi boa pero dende o Goberno a resposta é case nula. Por exemplo, ninguén aportou o diñeiro para cumprir a promesa de tratar os residuos da marea negra (chapapote, area, algas...) que foron xuntados polos voluntarios e aínda hoxe están esperando en balsas que sexan separados. O actual Goberno promete que virán os cartos e pídlle á Xunta que os adiante xa que eles non "poden"

aportalos polo de agora e a Xunta contrarresta isto dicindo que os cartos teñen que vir do Goberno central e pregunta por que para isto non hai cartos e sen embargo outras comunidades están recibindo grandes axudas, como por exemplo Andalucía. Eu non sei de quen é a culpa, o único que sei é que os residuos seguen aí.

Isto é para min unha falta de compromiso por parte do goberno (tanto do central como do autonómico). Isto é moi grave pero aínda é peor que dous anos despois en Galiza aínda non se ideou ningún plan de emerxencia para situacións como esta. Isto quere dicir que calquera día, hoxe, mañá ou dentro de dez anos..., ás costas galegas pode chegar outro Prestige e volveríase a estar nunca situación de non saber que facer.

O pasado xa quedou atrás e por moito que lamentemos a catástrofe do

Prestige non podemos volver atrás no tempo e afastar ese barco das nosas costas pero o que si podemos é loitar para que Galiza se recupere pronto e para que ás nosas costas non cheguen máis Prestiges.

A voz de moitos galegos (Markos S. Carricoba)



MONOLINGÜISMO OU MULTILINGÜISMO

A miña opinión con respecto ó monolingüismo ou ó multilingüismo céntrase principalmente neste último.

Apoio que nun país haxa máis dunha lingua, aínda que haxa unha oficial para todos, neste caso: o castelán.

Hai comunidades autónomas que teñen diferentes culturas e antepasados, e por iso teñen unha lingua que as caracteriza; como está o noso caso, o de Galiza e outros como o País Vasco ou Cataluña.

Como galega, falo galego e defendo a nosa lingua que nos fai diferentes e nos distingue da xente das demais comunidades autónomas, posto que xa temos o castelán como lingua oficial que nos distingue dos demais países da Unión Europea e a nivel mundial.

Non apoio o monolingüismo, xa que non estaríamos respectando a nosa verdadeira cultura; sendo galegos, e sen falar galego xa nada sería o mesmo sen esta lingua que nos identifica; e aínda que estivese prohibido o galego e houberse que falar castelán penso que unha maior parte da xente que agora fala galego o seguiría falar; porque é a nosa lingua, a nosa cultura e o noso idioma; idioma que como semellanza co castelán ten que os dous proveñen do latín e como diferenza que o galego é a nosa lingua nativa e autónoma, só de Galiza; e o castelán é a lingua oficial de todos os españois.

Así, como conclusión, eu defendo o multilingüismo do noso país xa que non debemos perder os costumes da nosa GALIZA.

R' cyo(BAC 1ºC)